

POSIBLES PREGUNTAS EN ENTREVISTA INDIVIDUAL

- **Experiencias académicas:**

- Fálame da elección da súa profesión
- Con que nota rematou os estudos?
- Cal é o derradeiro centro no que estudou?
- Se puidera comezar de novo os estudos, que profesión elixiría?
- Xeralmente, estudaba só ou cos seus compañeiros?
- Cónteme unha experiencia significativa da súa época de estudante.
- Como valora a súa experiencia académica?
- Pensa que rendeu ó máximo? Por qué?
- Que lle motivou para elixir a súa profesión?
- En que consiste a súa profesión?
- Cal foi a materia máis difícil?
- Influíu alguén na elección dos seus estudos?
- Descríbame cal é a función básica da súa profesión
- Algunha vez conseguiu unha beca polos seus estudos?
- Que materias lle gustaron máis durante a súa formación?
- Fálame das súas cualificacións durante os estudos.
- Ten coñecementos de idiomas? Como os acadou?
- Por que abandonou os seus estudos?
- Fixo algún tipo de prácticas para completa-la súa formación?
- Realizou algún tipo de formación dende a súa entrada na vida activa?
- Cando era estudante, tiña algunha outra actividade? Cal?

- **Xefes:**

- Que tipo de xefe lle gustaría ter?
- Como era o seu anterior xefe?
- Ás veces, síntese incómodo cando lle dan ordes?
- Como o trataron os seus xefes anteriores?
- Que tipo de xefe pode conseguilo máximo de vostede?
- Aprendeu algo útil dos seus anteriores xefes?
- Os seus anteriores xefes étratábano igual que ós seus compañeiros de traballo?
- Deixaría o seu posto de traballo para seguir ó seu xefe a outra empresa?
- Moléstalle que o seu xefe sexa do sexo oposto?

- **Empresa:**

- Que sabe desta empresa?
- Por que quere pertencer a ela?
- Intenta permanecer aquí definitivamente ou só de forma temporal?
- Se puidera elixir qué preferiría, unha empresa grande, pequena ou mediana? Por qué?
- A que posición pensa chegar nesta empresa?
- Que lle desagrada da realidade empresarial actual?
- Neste momento, está estudando ofertas doutras empresas?

- **Expectativas de carreira e retribución:**

- Cales son os seus obxectivos profesionais?
- A que tipo de posición aspira?
- Onde se ve dentro de cinco anos?
- Canto empezou gañando?
- Que salario pensa gañar agora?
- Que características son indispensables para ter éxito na súa profesión?
- Que lle gusta máis: ter un bo salario, crecer profesionalmente ou ser útil para os demais? Por que?
- Canto espera gañar dentro de cinco anos?
- Cambiaría de traballo e sector para ter unha boa carreira profesional?
- Dígame todo o que está disposto a facer polo seu crecemento profesional
- Na súa anterior empresa, que perspectivas de ascenso tiña?
- Renunciaría os seus intereses familiares para facer unha boa carreira profesional?

- **Traballo:**

- Fáleme das súas experiencias laborais
- En que área é particularmente experto?
- En que tipo de traballo está máis interesado?
- Prefire traballar só, en grupos reducidos ou grandes? Por que?
- Prefire facer un traballo coñecido e tranquilo ou un distinto e complexo? Por que?
- Cales eran as súas funcións no seu derradeiro traballo?



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Área de Desenvolvemento
Local de
Camariñas

- Aprendeu algo significativo dos seus traballos?
 - Que actividade lle gustaba máis? por que?
 - Que actividade lle gustaba menos? Por que?
 - Segundo vostede, cales foron os seus méritos? e os seus erros?
 - Como planificaba o seu traballo?
 - No seu traballo sempre é puntual?
 - Cales son as dúas ou tres cousas máis importantes no seu traballo?
 - Tivo ocasión de dirixir?
 - Como se levaba cos seus subordinados?
 - Eleva a voz para afirma-la súa autoridade?
 - Como describiría o seu traballo ideal?
 - Cal é segundo vostede a maior proba de habilidade nos negocios?
 - En que traballo dos que tivo ata o momento tivo máis gratificacións?
 - Que departamento lle atrae máis nas empresas?
 - Cambiaría de lugar de residencia polo traballo?
 - Que argumentos empregaría para convencerme de que é a persoa axeitada para este traballo?
 - Cando podería incorporarse ó novo traballo?
- **Características persoais:**
 - Fáleme de vostede
 - Cales son os seus puntos fortes e a súas debilidades?
 - Que fixo para reducir as súas debilidades ou defectos?
 - Que calidades cre que son esenciais na vida?
 - Intente contarme unha historia
 - Dígame todo o que pensa de si mesmo
 - Segundo vostede, en que consiste a colaboración?
 - Que impresión lle produce sentirse o centro de atención?
 - Que obxectivos ten?
 - De que pode sentirse orgulloso?
 - Con que cousas se sente motivado?
 - Que lle preocupa?
 - Ten medo de algo ou de alguén?
 - Considérase unha persoa intelixente?
 - Pide consello a miúdo?
 - Gústalle ter a razón?
 - Fíase da primeira impresión?
 - É espontáneo ou prefire madurar as súas decisións?
 - Ten boa memoria?



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Área de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas

- Ten moitos amigos?
 - Como cre que o ven os seus amigos?
 - Termina o que inicia?
 - É unha persoa tímida?
 - Gústalle contar chistes e gastar bromas?
 - Ten boa saúde?
 - Que enfermidades recorda ter pasado?
 - Que aprendeu dos seus erros?
 - Considérase unha persoa emprendedora?
 - Que tipo de situacións o frustran con facilidade?
 - Como reacciona ante unha crítica?
 - Ten sentido do humor?
 - Soe facer amigos nos traballos?
 - Que valora máis dunha amizade?
 - Como conseguiu o seu primeiro traballo?
 - Gústalle viaxar?
 - Que faría se lle tocara a lotería?
 - Fracasou recentemente?
- **Familia e vida privada:**
 - Cal é o seu estado civil?
 - Vive cos seus pais?
 - Fáleme de seus pais
 - Ten irmáns? A que se dedican?
 - Está pensando en independizarse?
 - Por que decidiu saír do domicilio familiar?
 - Ten casa propia ou vive de aluguer?
 - Ten noivo / noiva?
 - Canto tempo leva casado?
 - En que traballa o seu cónxuxe?
 - Ten fillos? Pensou en telos?
 - Contribuíu algunha vez ós gastos familiares? Como e cando?
 - Quen influíu máis en vostede, o seu pai ou a súa nai? Por que?
 - Descríbame o seu tipo ideal de familia.
 - Vive moi lonxe de aquí?
 - Ten vehículo? Que coche ten?
 - Canto tempo lle gusta dedicarlle á súa familia?
 - Onde lle gusta pasar as súas vacacións? Con quen soe ir de vacacións?



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



- **Tempo libre e hobbies:**

- Como pasa o seu tempo libre?
- Ten algún hobby? Descríbamo
- É coleccionista?
- Durante as súas épocas de estudante, como pasaba as vacacións?
- Practica algún deporte?
- Fáleme dos seus amigos
- Gústalle manterse en forma?
- Que tipo de libros lle gusta ler?
- Recentemente, que libro leu?
- Gústalle viaxar?
- Saíu de España? A onde?
- Gústalle o cine?
- Cal foi a última película que veu? Cánteme o argumento
- Forma parte dalgún club ou organización social?
- Ten algún hobby artístico?

- **Preguntas finais:**

- Que preguntas cre que lle deberíamos ter feito e non fixemos?
- Ten algunha dúbida ou quere preguntarnos algo?